

MEMORIA INFORMATIVA DE SINERXIA

**SOLICITUDE DE EMPRESTITO A COOP57 SERVIZOS FINANCEIROS ETICOS E
SOLIDARIOS**

XULLO 2015

FEDERACION DE EMPRESAS COOPERATIVAS SINERXIA
R/ Fernández Villaverde, 4 1º Andar Dereita 36002 PONTEVEDRA
www.sinerxia.org

INDICE

- 1. QUEN SOMOS ?**
- 2. RELACION NOMINAL DE ASOCIADAS**
- 3. CENTROS DE TRABAJO**
- 4. RELACION HABITUAL CON ENTIDADES E ORGANISMOS**
- 5. OUTRAS INFORMACIONES**
 - **Servizos que presta ás asociadas**
 - **Breve descripción das actividades realizadas en 2014**
 - **Subvencións recibidas das AA.PP. en 2014**
 - **Actividades previstas para 2015**
 - **Orzamento ingresos e gastos de 2015**
 - **Contas Anuais 2014**

1. QUEN SOMOS ?

A **FEDERACION DE EMPRESAS COOPERATIVAS “SINERXIA”**, constituída en 1994, é unha organización autónoma, sen ánimo de lucro, que fai parte do movemento asociativo cooperativo de Galiza, de carácter intersectorial e de ámbito galego.

Asocia a Unións de cooperativas con ámbito de actuación en Galiza que relacionamos no seguinte epígrafe. Ademais SINERXIA fai parte de varias redes e iniciativas de economía solidaria como REAS Galiza e Coop57, cooperativa de servizos financeiros éticos e solidarios.

2. RELACION NOMINAL DE ASOCIADAS

- UNION DE COOPERATIVAS DE TRABAJO ASOCIADO UGACOTA / 146 cooperativas www.ugacota.coop
- UNIÓN DE COOPERATIVAS DE ENSINO DE TRABAJO ASOCIADO DE GALICIA - UCETAG / 29 cooperativas www.ucetag.org
- UNION DE COOPERATIVAS DO MAR DE GALICIA – UGACOMAR / 5 cooperativa www.ugacomar.org
- SOCIAS COLABORADORAS (2)
 - Consumo Consciente Árbore, S. Coop. Galega / www.arbore.org
 - Cabo Sesteiro TV, S.Coop.Galega

TOTAL ENTIDADES ASOCIADAS : 5 / 182 cooperativas sócias

VOLUME FACTURACION COOPERATIVAS SOCIAS (2013) : 44,9 Millóns euros

3. CENTROS DE TRABAJO E Nº TRABALLADORAS

Centros (1) : R/ Fernández Villaverde, 4 1º Andar Dereita Pontevedra

Número de persoas traballadoras: 2 / Contratación Indefinida / Tempo completo / 40 horas semanais

Funcións : Xerencial / Administración / Actividades e programas formación-divulgación cooperativa e economía solidária / Asesoramento e consultoría cooperativa.

4. RELACION HABITUAL CON ENTIDADES E ORGANISMOS

| COLABORACIONS HABITUAIS | PARTICIPACION OU INTEGRACION |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - UCETAG - UGACOTA - UGACOMAR - COOPERATIVAS SOCIAS : XEDEGA / ARDORA / CIDADANIA / TAGEN ATA / TRESPES / ARBORE / INTERGAL / NOSA ENERXIA - ASOCIACION DE SOCIEDADES LABORAIS DE GALICIA AESGAL - ASOCIACION FIARE GALIZA - ASOCIACION AIS O PETO - CONSELLARIA DE TRABALLO E BENESTAR - CONCELLOS - UNIVERSIDADE DE VIGO / CAMPUS PONTEVEDRA | <ul style="list-style-type: none"> - COOP57 SERVIZOS FINANCEIROS ETICOS E SOLIDARIOS - REAS GALICIA / REDE DE REDES DE ECONOMIA SOLIDARIA - GRUPO ACCION LOCAL DO PROGRAMA LEADER PARA AS COMARCAS DE PONTEVEDRA E MORRAZO - GRUPO DE ACCION COSTEIRA DA RIA DE PONTEVEDRA - CAIXA RURAL GALEGA, COOP. DE CRÉDITO - FIARE BANCA ETICA COOP. DE CREDITO - CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS - REDE EUSUMO DE FOMENTO DO COOPERATIVISMO E ECONOMIA SOCIAL - CONSELLO ECONOMICO E SOCIAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA |

5. OUTRAS INFORMACIONES

Neste epígrafe procúrase reflectir os seus fins fundacionais e liñas de traballo habituais de SINERXIA, sempre sen perder de vista que como entidade de intercooperación procura afortalar a mesma implementando as devanditas liñas en colaboración coas súas Unións e outras organizacións da economía social nun proceso de ida e volta entre elas. Daquela, a información que reflectimos a seguir son de actividades que de forma habitual realizamos de forma conxunta, tratando de optimizar o capital humano; os recursos materiais e financeiros e a aprendizaxe e o coñecemento.

A. FINS FUNDACIONAIS

- Contribuir ao desenvolvemento na creación e reparto equitativo de riqueza no noso país.
- Tentar acadar unha sociedade máis integrada, sen excluídos/as nin marxinados/as por razóns físicas, síquicas, ideolóxicas, relixiosas, sociais,...
- Expandir os principios cooperativos facendoos seus.
- Cuidar que a sociedade galega sexa receptiva ao cooperativismo e á economía social, promovendo institucións e actividades favorecedoras da difusión da filosofía do cooperativismo e a economía social.
- Representar e defender os intereses das Unións socias perante entidades públicas e privadas.
- Promover e fomentar unións de cooperativas e outras entidades de economía social, a cooperación empresarial entre cooperativas e outras organizacións da economía social, e a cooperación entre unións de cooperativas e outras asociacións de economía social.
- Velar por unha excelente cultura social e empresarial das cooperativas, as súas asociacións e outras organizacións de economía social, facilitando e financiando servizos de asesoramento, de verificación de contas e de asistencia xurídica e técnica, así como aqueles outros servizos que sexan convenientes ou necesarios para os seus membros.
- Realizar mediacións e conciliacións e exercer calquera actividade de natureza análoga.
- Fomentar a promoción e formación cooperativa.

A Federación terá por misión a consolidación dunha economía cooperativa, democrática, participativa, solidaria, autoxestionaria e sustentábel dentro dunha sociedade galega pluralista.

B. BREVE MEMORIA ACTIVIDADES DE 2014¹

• FORMACION – DIVULGACION COOP.

- Desenvolvemento dun programación formativa á carta para cooperativas e outras entidades de economía social en temáticas estratéxicas para o seu afortalamiento, entre outras : intercooperación / comercialización / cultura financeira / responsabilidade social / mellora organizativa. Realizada dentro da Rede Eusumo. Nº accións : 10 / Cooperativas beneficiárias : 21 / Nº Participantes: 48.
- Formación Cooperativa para cooperativas de recente constitución, alén da Rede Eusumo, na que se desenvolveron dúas accións nas temáticas de dirección cooperativa e planeamento estratéxico. A beneficiária foi Nosa Enerxia Coop. e número de participantes foi de dezaseís.
- Programa de fomento de cooperativismo de consumo en Galicia, con tres accións formativo-divulgativas. Nº participantes : 35. Procedencia : Asociacionismo veciñal, cultural e educativo.
- Participación nas actividades de promoción do cooperativismo en concellos galegos : xornadas (4)
- Accións formativas (4) de dinamización do cooperativismo nun sector potencial dentro da Rede Eusumo. Sectores atinxidos : Cultura Ambiente /Turismo / Mar. Nº participantes : 35. Grupos Promotores de potenciais proxectos cooperativos : 2
- Coordinación e desenvolvemento de actividades formativas e divulgativas (30) arredor do financiamento ético de base cooperativa, nomeadamente, talleres; presentacións arredor de Coop57 e o seu funcionamento e servizos financeiros.
- Colaboración nun estudo sobre o cooperativismo no sector cultural, promovido desde a Consellaria de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza.

¹ De forma directa e/ou en cooperación coas súas Unións e Cooperativas Sónas.

- **ASESORAMENTO**

- Titorización do plano de viabilidade de cooperativas de recente constitución (1) e de dous grupos promotores procedentes do programa de formación cooperativa nun sector de actividade potencial - ambiental e cultural.
- Información a potenciais promotoras de proxectos cooperativos - 13 grupos-, e resolución de consultas de cooperativas activas.
- Coop57 / Servizos financeiros : Información e xestión de solicitudes de financiamento de cooperativas (9).
- Protocolos de asesoramento para o emprendemento en cooperativa, a experiencia de SINERXIA : Temática divulgada no Congreso Internacional de Economía Solidária, celebrado en Zaragoza.

- **INTERCOOPERACION**

- Coop57 : Desenvolvemento da función de secretaria técnica e participación no Consello da Sección Territorial de Galiza. Participación na actividade do Consello Reitor e da área de soporte técnico da Cooperativa.
- Desenvolvemento do programa plurianual para o fomento e consolidación de procesos de intercooperación através de mercados no ámbito da economía social e solidaria - Mercado Social -, con dous Encontros no ámbito das iniciativas de economía solidária de consumo responsábel e das entidades vinculadas a REAS Galicia. O número total de participantes nestas actividades foi de dezaioito.
- Apoio técnico á xestión diaria e de programas da Unión de Cooperativas do Mar de Galicia – UGACOMAR.
- Integración de SINERXIA e as súas Unións sócias : Comezo do proceso de maduración desta estratexia de cara a creación dunha Unión multiclase. Os resultados máis sobranceiros en 2014 foron o contexto das asociacións de cooperativas implicadas; os obxectivos do proceso e da nova Unión; a natureza e marco legal da nova Unión e a actualización das necesidades das cooperativas sócias de cara a conformar a oferta de servizos da nova Unión.

- **COMUNICACIÓN**

- Actualización do web de SINERXIA

- Boletín electrónico da Federación e Unións Sónas : Colaboración na realización de contidos e difusión. Periodicidade cuadrimestral.

- **REPRESENTACION E ACCION POLÍTICA**

- Participación nos órganos sociais de Galicia e estatal da Cooperativa Coop57
- Participación nas reunións da Asemblea e Xunta Directiva de REAS Galicia / Rede de Redes de Economía Solidária e Alternativa.
- Colaboración coa Subdirección de Cooperativas e Economía Social da Xunta de Galiza en diversos ámbitos (axudas ao cooperativismo; difusión de actividades de fomento do cooperativismo; participación en feiras através do Consello Galego de Cooperativas;...).
- Participación nos órganos sociais e actividades do programa Leader da comarca de Pontevedra –Morrazo.
- Participación nos órganos sociais do Grupo de Acción Costeira da Ria de Pontevedra.
- Participación nas reunións do Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra
- Participación nas reunións e actividades do Consello Galego de Cooperativas, por exemplo no Día Internacional do Cooperativismo / Lei de Economía Social de Galicia / Marca Cooperativa.
- Entrevistas : Deputación de Pontevedra / IGAPE - Área Competitividade / Universidade de Vigo - Campus de Pontevedra / Caixa Rural Galega Coop.
- Adhesión como sócia a Fiare Banca Etica Coop

C. SUBVENCIONS RECIBIDAS DAS AA.PP. EN 2014

Todas as subvencións recibidas das AA.PP. en 2014 corresponden á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza através da Orde de 3 de Abril de 2014, para o fomento da consolidación das asociacións de cooperativas e sociedades laborais para 2014. SINERXIA

tamén foi beneficiária de dúas axudas do IGAPE através do programa "Iniciativas Abertas de Difusión" de 2014. As actividades e importes recibidos inclúense na seguinte taboa :

| ACTIVIDADE | IMPORTE |
|---|--------------------|
| GASTOS NORMAIS DE FUNCIONAMENTO - C.TRABALLO E BENESTAR | 8.970,00 € |
| FOMENTO COOPERATIVISMO CONSUMO - C. TRABALLO E BENESTAR | 5.088,00 € |
| FOMENTO DA INTERCOOPERACION - C.TRABALLO E BENESTAR | 1.320,00 € |
| FORMACION AFORTALAMENTO DAS COOPERATIVAS - C TRABALLO | 26.280,00 € |
| DINAMIZACION COOPERATIVISMO EN SECTORES POTENCIAIS | 11.312,00 € |
| FORO INICIATIVAS ECONOMIA SOCIAL CONSUMO RESPONSABEL- IGAPE | 1.018,75 € |
| FORO ASOCIACIONES DE COOPERATIVAS - IGAPE | 1.018,75 € |
| TOTAL | 55.007,50 € |

D. ACTIVIDADES PREVISTAS PARA 2015

Nas reunións da Asemblea Xeral da Federación, realizadas en Febreiro e Maio de 2015, e sen prexuízo da continuidade no realizado en 2014, acorda desenvolver como novidades das liñas de traballo no exercicio económico de 2015 :

- **REPRESENTACION E ACCION POLÍTICA**

- Entrevistas de presentación coas novas responsábeis políticas da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Xunta de Galicia.

- **INTERCOOPERACION**

- Coop57 : Dinamización e participación no Encontro da Cooperativa.
- Integración de SINERXIA e as súas Unións sócias : Informe de resultados das entrevistas ás cooperativas sócias/ Definición da oferta de servizos da nova Unión / Concreción do modelo organizativo / Previsións económico-financeiras da nova Unión / Proceso legal de constitución da Unión / Imaxe corporativa.

E. CONTAS ANUAIS 2014 / Ver Anexo a este documento

Inclúe Balanzo de Situación / Conta de Perdas e Gaños / Variación do Patrimonio Neto / Memória Abreviada das Contas.

F. PREVISION ORZAMENTARIA E DE TESOURARIA PARA 2015 / Ver Anexo a este documento

Inclúe unha comparativa detallada cos Ingresos e Gastos de 2014 no caso dos orzamentos e a periodificación mensual dos cobros e pagamentos até o primeiro semestre de 2016 no caso da previsión de caixa.

No caso da **previsión orzamentaria de ingresos para 2015**, na altura de redactar esta memoria, a Federación :

- Solicitou financiamento através da **Orde de axudas para as asociacións de cooperativas** da Consellaría de Traballo da Xunta de Galiza para 2015, para os **gastos de funcionamento e actividades de promoción do cooperativismo**. Este financiamento formalízase através dun Convénio de Colaboración coa devandita Consellaría. **Previsión Importe Convénio 2015 : 53.000,00 €**
- **Outros ingresos previstos** : 1) Cotas sócias : 14.207,40 €; 2) Coop57 Galiza : 8.500,00 €; 3) Concellos : 2.500,00 €; 4) Actividades formativo-divulgativas con cooperativas : 12.000,00 €; 5) Asesoramento Cooperativo: 7.600,00 €. **Importe Previsto : 44.807,00 €**

Pontevedra, Xullo 2015